

CONCELLO DE RIBADUMIA

REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIÓNS

TITULO I.- DAS DISTINCIÓN HONORÍFICAS.-

Artigo 1º.-

1.- Mediante o presente Regulamento acórdase o proceso de concesión de honras e distincións municipais a aquelas persoas naturais ou xurídicas merecedoras de dito recoñecemento, ó tenor do disposto nas disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos 186 a 191 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

2.- As distincións honoríficas que con carácter oficial poderá conferir o Concello de Ribadumia para recoñecer e dar público agradecemento por accións ou servizos extraordinarios son as seguintes:

- **Título de Fillo/a Predilicto/a do Concello de Ribadumia.**
- **Título de Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Ribadumia**
- **Título de Membro Honorario da Corporación de Ribadumia.**
- **Medalla do Concello de Ribadumia nas súas categorías de:**
 - **Medalla de Ouro do Concello de Ribadumia**
 - **Medalla de Prata do Concello de Ribadumia**

3.- As distincións ás que se refire o presente Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico sen que poidan outorgar ningún dereito administrativo ou de carácter económico.

4.- As distincións anteriormente reseñadas son independentes entre si, polo que unha mesma persoa pode ser distinguida con máis dunha, sempre que sexan de distinta clase, ou dentro da mesma clase de diferente categoría.- Non obstante,

polos mesmos feitos e circunstancias non poderá ser recoñecida máis dunha distinción.

Artigo 2º.-

As mencionadas distincións municipais honoríficas, nin nomeamento poderá ser outorgado a persoas que desempeñen Altos Cargos na Administración do Estado, Comunidade Autónoma, Provincia e Municipio en tanto ocupen estes cargos

Artigo 3º.- Dos méritos e circunstancias para a concesión de honras e distincións.

Poden ser merecedores de tales distincións, nos seus respectivos casos, as persoas físicas ou xurídicas, organismos e entidades, que gozando de prestixio, admiración, respecto e simpatía no término municipal, reúnan as circunstancias especiais que se determinan nos artigos seguintes e, en concreto, as seguintes:

- a) Prestar servizos de relevancia que representen indubidable e evidente proveito para o engrandecemento, prestixio e progreso de España, Galicia e do Concello de Ribadumia.**
- b) A realización de traballos extraordinarios de incontrastable importancia en calquera dos aspectos humanos, político, cultural, científico, artístico, económico, social ou de defensa do noso patrimonio e natureza, que polo seu contido ou pola persoa, persoas ou entidades que o realicen se vinculen a Ribadumia.**
- c) A laboriosidade exemplar e extraordinaria capacidade de grandes iniciativas e realizacións levadas a cabo e postas de manifesto en beneficio dos cidadáns e do propio Concello de Ribadumia.**
- d) As doazóns e fundacións benéficas, culturais, científicas, artísticas ou de outro carácter que promocionen o estudo e a investigación e favorezan en moi alto grado o Concello de Ribadumia.**
- e) As persoas físicas ou xurídicas que coas súas actividades teñan contribuído a dar a coñecer o nome de Ribadumia a nivel autonómico, nacional ou internacional.**
- f) En xeral, os feitos exemplares que, redundando en beneficio de Ribadumia e os seus cidadáns revistan importancia ou signifiquen unha constante protección e promoción dos intereses sociais e culturais do noso pobo e dos seus fillos.**

Dos títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Ribadumia

Artigo 4º.- Os Títulos de Fillo Predilecto e Fillo Adoptivo instituídos polo Concello de Ribadumia para premiar excepcionais merecementos contraídas co pobo de Ribadumia polos veciños naturais do mesmo ou de fora del, serán considerados de igual xerarquía e como un dos galardóns que este Concello pode conceder.

O Título de Fillo Predilecto, concederase a quen, tendo nacido en Ribadumia, destacase de forma extraordinaria ou alcanzara unha relevante personalidade en calquera orde ou actividades prestixiando ó pbo e tendo merecido agradecemento mesmo.

O Título de Fillo Adoptivo outorgarase a quen nacendo fora do Concello de Ribadumia. Se identificara co pobo, concorrendo na súa personalidade as mesmas circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

Artigo 5º.- Duración dos títulos.-

Os títulos de Fillo Adoptivo e Fillo Predilecto serán vitalicios e constitúen a primeira e maior distinción que o Concello de Ribadumia poida outorgar, polo que no seu outorgamento aplicarase criterios rixidos e restrictivos na valoración dos méritos que teñan contraídos as personalidades que orixinasen a aplicación deste Regulamento.

A condición de Fillo Predilecto ou Fillo Adoptivo é persoal e non será herdable, polo que perderase co pasamento da persoa a quen se lle teña concedido.-

Poderase conceder un máximo de 3 títulos de Fillo Adoptivo e Fillo Predilecto ó ano.

Estas distinción poderánse conceder tamén a título póstumo, se reúnen os requisitos e merecementos indicados nos parágrafos anteriores.

Artigo 6º.- Dereitos dos títulos.-

As persoas a quen se concedan os títulos de fillo predilecto ou fillo adoptivo do municipio, previa invitación, terá dereito a acompañar á Corporación nos actos

ou solemnidades a que esta concorra, ocupando o lugar que para iso lle estea sinalado e a concorrer ás sesións públicas do Concello Pleno en lugar preferente ó efecto reservado.

Artigo 7º.-

O Concello entregará pública e solemnemente ós que se fixeran acredores deste galardón, un diploma e unha placa conmemorativa na que constará o nome e a data do acordo de concesión, (así como un botón de solapa que sexa mostra do título e distinción conferido)

Artigo 8º

En ningún caso o Título de Fillo Predilicto ou Fillo Adoptivo outorgará facultades para intervir no goberno e administración do Concello. Sen embargo, poderán concederlles funcións representativas cando teñan que exercerse fora da demarcación territorial do Concello.

DO NOMEAMENTO DE MEMBROS HONORARIOS DA CORPORACIÓN.

Artigo 9º.-

O nomeamento de Membro Honorario da Corporación (Alcalde/sa Honorario/a ou Concelleiro/a Honorario/a) de Ribadumia poderá ser outorgado a personas que sexan posuidores de méritos evidentes e cualidades persoais e ter un recoñecemento público, ademáis de ter ocupado o cargo de Alcalde/sa (ou Concelleiro/a respectivamente), non puidendo outorgarse mentres estea en activo, senón cando non estea ocupando o cargo de rexedor municipal (ou concelleiro)

Tales nomeamentos levará consigo a concesión da Medalla de Ouro e prata respectivamente xunto co nomeamento de Alcalde/sa honorario ou Concelleiro/a honorario.

Este nomeamento non outorgará facultades para intervir no goberno e administración do Concello. Sen embargo, poderán concederlles funcións representativas cando teñan que exercerse fora da demarcación territorial do Concello.

Estes nomeamentos poderán concederse a título póstumo, pero neste caso non levará consigo a concesión de medallas.

Nos actos oficiais que celebre o Concello estas persoas ocuparán un lugar preferente que se lle asigne e asistirán a eles ostentando a medalla acreditativa da honra concedida.

DA MEDALLA DO CONCELLO DE RIBADUMIA

Artigo 10º.-

A medalla do concello é unha distinción municipal, creada para premiar ou recoñecer méritos extraordinarios que concorran nas persoas por ter prestado servizos, dispensado honores ou beneficios culturais ou sociais ó pobo de Ribadumia.

Creáse as categorías de Medalla de Ouro e Medalla de prata coa finalidade de recoñecer tales servizos en función da importancia de tales méritos.

Artigo 11º.-

Concederáse a medalla de ouro a aquelas persoas que reunindo as condicións detalladas anteriormente realizaran unha acción ou acto meritorio cuxa memoria sexa imperecedeira pola súa permanencia física ou polos efectos continuados.

Así mesmo concederáse a tódolos Alcaldes habidos, actuais e futuros do Concello.

Artigo 12º.-

Concederáse a medalla de prata en aqueles casos en que o acto ou acción meritoria en concreto, redunde en proveito ou beneficio do Concello, ou dos seus habitantes, pero que a súa importancia ou permanencia sexa menor ou de inferior duración.

Así mesmo concederáse a tódolos Concelleiros habidos, actuais e futuros do Concello ou actos determinados

Concederanse como máximo 3 medallas de ouro e prata ó ano (a excepción da concesión das mesmas a Alcaldes e concelleiros saíntes ou entrantes no momento de renovación da Corporación)

PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS.-

Artgo 13º.-

1.- A concesión das distincións honoríficas (Títulos de Fillo Predilecto, Fillo Adoptivo, Membro honorario da Corporación e Medallas do Concello de Ribadumia) requerirá instrucción do oportuno expediente que sirva para determinalos méritos e circunstancias que aconsellan dita concesión.

As propostas de concesión de honores e distincións se tomarán en consideración cando procedan de:

- a) Do Sr. Alcalde- Presidente da Corporación.**
- b) Da petición conxunta de catro concelleiros.**
- c) Dunha petición razoada e xustificada dun organismo oficial, entidade ou asociación de recoñecida solvencia, que se presente avalada pola sinatura de 200 veciños**
- d) Dunha petición suscrita por un número de veciños que represente como mínimo o 5% da poboación do Concello de Ribadumia no momento de presentarse a petición.**

Artigo 14º.-

Mediante resolución da Alcaldía se iniciará o expediente; na mencionada resolución se deberá facer constar así mesmo o nome da persoa encargada de instruír o expediente (un Teniente de Alcalde da Corporación), e da persoa que actuará como Secretario do mesmo (que recaerá nun Concelleiro ou nun funcionario do Concello)

Artigo 15º.-

O instructor practicará cantas dilixencias estime oportunas a fin de acreditar os méritos do porposto, analizando, investigando e recabando a información necesaria, solicitando informes e recibindo declaración, aportacións ou adhesións de cantas persoas ou entidades poidan subministrar datos, antecedentes ou referencias.

O expediente instruído incluírá unha serie de datos, tales como: exposición de motivos, notas biográficas da persoa proposta ou breve reseña histórica da entidade proposta; curriculum e accións meritorias ou reseñables; aportacións ou adhesións doutras entidades e asociacións á proposta

Rematada a práctica destas dilixencias o instructor formulará proposta razoada que elevará á Comisión de Réximen Interno que valorará os méritos aportados e emitirá informe sobre a proposta formulada, e posteriormente o devandito informe someteráse á consideración do Pleno Municipal.

O Pleno á vista do expediente e dos dictames que consten no mesmo do xuíz instructor e da Comisión informativa resolverá adoptando o acordo correspondente por maioría absoluta dos membros que constitúen a Corporación.

O acordo notificaráse inmediatamente ó interesado, segundo o modelo de acordo adxunto (anexo)

Artigo 15º.-

O Concello crea o Libro de Honor de Distincións e Nomeamentos do Concello no que se irán inscribindo os outorgados.

En cada unha das seccións inscribírase por orde cronolóxica de concesión os nomes e circunstancias persoais de cada un dos favorecidos, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data desta e, no seu caso, do falecemento de quen tivera recibido a distinción.

Artigo 16º.-

Cada honor ou distintivo entregarase e imporase polo Sr/a Aldalde/sa - Presidente en acto de acusada solemnidade, no salón de sesión da Casa Consistorial e en presenza da Corporación en pleno e convidándose para tal efecto ás autoridades locais, autonómicas ou estatais, así como demais persoeiros representativos do municipio.

Artigo 17º.-

O Concello podera privar das distincións que son obxecto deste Regulamento, coa conseguinte cancelación do asento no Libro- Rexistro, a quen incorran en faltas que aconsellen esta medida extrema.

O acordo da Corporación en que se adopte esta medida irá precedido da proposta e informe reservado da Alcaldía e requerirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorga-la distinción de que se trate.

Artigo 18º.-

Os modelos de símbolos, obsequios, distinción e condecoracións, regulados e expresados no presente Regulamento Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Ribadumia serán aprobados polo Pleno da Corporación por maioría absoluta dos membros da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL.-

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co sinalado no artigo 70 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.